

**MEMORIA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA**

**“Orzamento 2018”**

**CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

# 1. INTRODUCCIÓN

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Concellaría de Facenda presenta o Proxecto de Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución para o exercicio económico de 2018.

En cumprimento do preceptuado no artigo 166.1. do TRLRHL, que obriga á presentación da consolidación do Orzamento Xeral da Entidade co dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís, móstrase aquí o detalle do Orzamento consolidado, integrado polo Orzamento do propio Concello, o do Auditorio de Galicia e polos estados de previsión de ingresos e gastos das Sociedades mercantís cuxo capital pertence integramente ao Concello: TUSSA e INCOLSA.

Con este Estado de consolidación, confeccionado segundo o establecido nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, trátase de harmonizar nun orzamento único, todos os orzamentos que integran o Orzamento Xeral, coa finalidade de proporcionar unha visión de conxunto da actividade económica prevista pola Entidade Local.

Nesta Memoria explícase as modificacións máis esenciais que foron introducidas con respecto ao exercicio anterior.

O orzamento do Concello para o ano 2018 é de **110.212.097,31** euros en gastos e ingresos.

O Concello de Santiago para o exercicio 2018 presenta un orzamento consolidado co Auditorio de Galicia e as empresas municipais TUSSA e INCOLSA que ascende á contía de **113.597.541,00** euros en ingresos, e de **113.073.045,06** euros en gastos, cun superávit de **524.495,94** euros, que reflicte, por unha banda, o superávit da empresa municipal de turismo

INCOLSA por unha contía de 455.001,99 € procedente en case a súa totalidade da achega municipal para compensación de perdas que achega o Concello no ano 2018 a súa empresa para compensar o previsible resultado negativo da sociedade nas súas contas anuais do ano 2017 con motivo dos axustes contables de fin de exercicio produto das revisións fiscais de IVE de exercicios anteriores e, pola outra, o superávit orzamentario da empresa municipal TUSSA por unha contía de 69.493,95 euros.

## 2. PRESENTACIÓN ORZAMENTO.

A proposta de orzamentos para o Concello de Santiago para o próximo ano 2018 é unha proposta expansiva, coa mira posta nas políticas públicas e liñas estratéxicas establecidas nos orzamentos de exercicios anteriores de 2016 e 2017. Unha proposta que procura colocar as persoas no centro da xestión institucional e dar respostas ás demandas da veciñanza.

As contas do vindeiro ano inclúen incrementos na maioría das áreas de gasto, a excepción das destinada ao pago de débeda bancaria. O capítulo IX Pasivos Financeiros e o capítulo III Gastos Financeiros redúcense nun 26,37% e un 44,26% respectivamente. Froito da boa saúde económica do Concello, da redución do endebedamento e do esforzo realizado nos anos anteriores, pódense destinar maiores recursos para mellorar a calidade dos servizos públicos municipais.

O orzamento de 2018 ten catro eixos principais:

- As Políticas Sociais e o Emprego
- As políticas de acción cultural
- A Compostela verde.

- A continuidade na aposta polo mantemento e o reequilibrio territorial destinando os investimentos a parroquias e barrios.

## 2.1 POLITICAS SOCIAIS E EMPREGO

Na área de gastos 2 “Actuacións de Protección e Promoción Social” existe un incremento dun 26%, continuando co incremento iniciado no orzamento do ano 2016 e situando o orzamento en investimento social en 108 euros por habitante. Nesta área de gasto inclúese o incremento das bolsas de comedor e actividades extraescolares ata os 600.000 euros. O novo contrato do servizo de axuda no fogar contará cunha dotación orzamentaria de 1.979.656,25 euros, unha suba do 51% con respecto ao 2016, do 116% respecto ás contas do 2015 e 2014 e do 182% en comparación co ano 2013, que permitirá dar resposta a todas as demandas do servizo sen que exista lista de espera.

Un incremento nas partidas de Emprego, de case un 60%, aproximándose aos 3 millóns de euros, a través dos obradoiros de emprego que son un elemento fundamental que permiten ofrecer unha oportunidade formativa e laboral ao tempo que contribúen á mellora do patrimonio natural e histórico de Santiago de Compostela. Algúns dos obradoiros de emprego máis destacados son:

- Mocidade con Emprego, cun orzamento de 1.426.310,00 euros
- Iniciativa Urbana e Sostible de Patrimonio Natural e Emprego (EDUSI), con un orzamento de 300.707,02 euros.
- Centro de Excelencia de Tecnolóxica de Emprego e Coñecemento (EDUSI), con un orzamento de 137.390,88 euros.
- Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil III con un orzamento de 73.083,66 euros.

O orzamento de Igualdade, incrementase un 7%, e alcanza o máximo histórico no Concello de Santiago.

O orzamento de Mocidade vese incrementado en comparación co ano anterior para a realización de máis actividades e cursos para os mozos e mozas de Santiago.

## **2.2 POLÍTICAS DE ACCIÓN CULTURAL.**

Tamén se ve incrementado o orzamento en políticas culturais en torno ao 30%, con varias novidades.

No orzamento do capítulo II, Gastos Correntes, incrementáanse as partidas destinadas a actividades culturais e de ocio.

No capítulo IV, Transferencias Correntes, por unha banda incrementase ata 1.300.000 euros a achega ao Auditorio de Galicia. Incrementábase tamén a achega ao Museo do Pobo Galego, coincidindo co 40 aniversario e coa necesidade de afrontar os novos retos que garantan a súa continuidade e mellora; pasando a ter unha asignación no ano 2018 de 30.000 € nesta institución que nos liga a tradición e á cultura popular galega. Por último, no capítulo de Transferencias correntes, incorporase unha liña de subvencións competitivas tanto para asociacións culturais como para empresas con proxectos culturais.

No capítulo VIII, Transferencias Capital, realizase unha achega de 550.000 euros para un investimento en maquinaria e mobiliario nas instalacións do Auditorio de Galicia.

## **2.3 A COMPOSTELA VERDE**

En continuación coas políticas iniciadas en orzamentos de anos anteriores son varias as propostas orzamentarias que apostan por investimentos nas nosas zonas verdes, de sendas peonís e ciclables – a través do proceso de orzamentos participativos-, e de ampliación das zonas de hortas urbanas.

No apartado de mantemento incrementase o orzamento de mantemento de parques e xardíns para a conservación e reparación dos nosos parques nun 25%.

Continuaranse os traballos de recuperación das ribeiras do Sar para a cidadanía. Na actualidade estanse a realizar labores de mellora no tramo do Bosque de Conxo a través dun obradoiro de emprego municipal, sendo a previsión que ditos traballos se prolonguen ata finais do primeiro trimestre de 2018.

Tamén a través doutros obradoiros acometeranse actuacións de acondicionamento de sendas fluviais noutras zonas do Río Sar. Será, en concreto, no tramo que vai de Ponte Suarribas ata Ferverza e tamén no treito Viso-San Lázaro. No total consígnanse **143.083,66 €** para este fin.

Ademais, a través do complementario vinculado ao proceso de orzamentos participativos, recóllese o acondicionamento da senda peonil e ciclable Lagoa de Cornes-Conxo- Rial-Poza Real-Rego do Vilar-Porto de Conxo, cun orzamento final de **195.143,25 €**.

Tamén se contempla no orzamento a instalación de varias illas de compostaxe.

#### **2.4 REEQUILIBRIO TERRITORIAL E MANTEMENTO.**

Os contratos de mantemento das infraestructuras e vías públicos e as obras nas parroquias e nos barrios seguen a ser unha das prioridades de gasto nos orzamentos do 2018.

As partidas de mantemento vense incrementadas en 111,2% (Aplicación orzamentaria 100 15320 21000) contemplándose novas propostas de contratos para melloras dos viais e espazos públicos xa existentes (rexeneración de pavimentos e beirarrúas, reparación e pequenas reformas en espazos públicos así como obras de accesibilidade). No medio rural incorporase unha proposta de novos contratos para acondicionamento de pistas forestais.

Algunhas propostas máis relevantes de obras nos barrios e parroquias son as seguintes:

- **Reurbanización de Vite.** O barrio de Vite é un dos máis tradicionais da zona norte de Compostela. Foi construído nos anos 70, e desde aquela foi sometido a poucas actuacións

de relevancia. Co obxectivo de aumentar a calidade urbana do barrio e conseguir unha mellora da accesibilidade, o Plan Vite as rúas Carlos Maside, García Lorca, Guadalupe, Celso Emilio Ferreiro e Irmandiños. O orzamento consignado para 2018 será de **598.182,11 €**. Esa partida é a necesaria para acometer a actuación da rúa Federico García Lorca.

En anualidades futuras contemplaríanse as seguintes fases.

En resumo:

- **2018:** Rúa Federico García Lorca - **598.182,11 €**
- **2019:** Rúa Carlos Maside - **1.168.666,34 €**
- **2020:** Irmandiños, Guadalupe e Celso Emilio - **506.000 €**

Deste xeito, en tres exercicios orzamentarios completaríase o Plan Vite cun investimento total comprometido de mais de 2.260.000 €. Ademais destas actuacións de reurbanización, o plan completaríase con estudos de accesibilidade dos edificios vinculados ao plan de rehabilitación de vivendas que se está acometendo no barrio.

- **Obras de Mellora de Firme en Verdía, Grixoa, A peregrina, Sabugueira e Barciela**, por importe de 278.856 euros
- **Beirarrúas na rúa do Tambre**, por importe de 318.759,00 euros
- **Ampliación da Ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos**, por 267.000 euros
- **Parques biosaúdaes e/o infantís para a Zona do Rural Norte** (proposta de orzamentos participativos), 225.000 euros.
- **Espazos de Ocio Cubertos en todas as parroquias** (proposta de orzamentos participativos), 217.800 euros.
- **Reforzo firme Chaián**, 95.632 euros

- **Acondicionamento entorno CSC de A Gracia, 304.540, 10 euros.**
- **Cuberta de Pista Polideportiva Verdía, 150.000 euros**
- **Mellora de equipamentos polideportivos en Figueiras, 310.083,00 euros**

**2.5 Outras accións significativas recollidas nos orzamentos a destacar en outras áreas tamén importantes son as seguintes:**

**\* Deportes**

- Renovación do Terreo do Xogo de herba sintética no campo de fútbol de Santa Isabel, cun orzamento de 524.300,44 euros.

- Campionato do Mundo de Xadrez (categorías ata sub 12), cun orzamento de 180.000 euros. Estímase unha participación no mundial de máis de 3000 persoas, 90 países, cunha repercusión económica para a nosa cidade de máis de 4 millóns de euros.

- Convenio coa USC para a adaptación de pistas de atletismo da USC que permitirá á utilización delas pola veciñanza de Santiago con bonificacións do 100%, 150.000 euros.

**\* Mobilidade**

A mellora da accesibilidade será un dos principais obxectivos no que resta de mandato municipal. É por isto que na concellería de Obras se consigna orzamento para un novo contrato de mantemento que permitirá realizar pequenas actuacións de accesibilidade por importe de **200.000 €**, contía consignada na aplicación orzamentaria *100 15320 21000 Vías Públicas. Reparación, Mantemento e Conservación*. Nos próximos meses acometerase unha primeira fase deste plan, actuando en máis de 45 puntos da cidade e tamén noutros 13 localizados no Campus Sur.

Ademais, financiado coa EDUSI, incorpórase unha partida para obras de accesibilidade máis complexas, derivadas dos resultados do plan de accesibilidade, cun importe de **117.331 €**



na aplicación orzamentaria 030 15320 61900 *Actuacións Integrais en Vías Públicas. Outros Investimentos de Reposición en Infraestruturas.*

No que se refire á mobilidade horizontal, no marco da subvención recibida pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, unha contía de 1.400.000 € co obxecto de rehabilitación de vivendas inclúese a área de Vite (na que se fixo o estudo de detalle no 2017) xunto con Vista Alegre e Pontepedriña. Está previsto acometer 48 actuacións en 9 edificios -na Pontepedriña, Vite e Vista Alegre- por un importe distribuído entre as diferentes administracións públicas de 756.000 € no barrio. Unha actuacións que ficarían integradas dentro do Plan Vite, a desenvolver nos próximos anos co obxectivo de mellorar a calidade urbana do barrio.

Ademais incorpórase no orzamento, cunha contía de **175.000 €**, un programa de mellora de accesibilidade da vivenda complementario aos existentes nas ARIs ou independentes -co obxectivo de incorporar a outros ámbitos da cidade-. O programa vai destinado a propietarios ou comunidades de propietarios das vivendas que cumpran os requisitos que se determinen nas correspondentes bases reguladoras das subvencións, nas que se están a incorporar criterios de renda. O Concello realizará campañas de difusión, especialmente nos ámbitos e zonas con un maior potencial de solicitantes como pode ser as do barrio de San Pedro ou outras da contorna da cidade histórica.

#### **\* Benestar Animal**

Dende o ano 2015, unha das políticas orzamentarias establecidas foi de dotar de máis recursos económicos ao Refuxio de Bando. Tanto no orzamento do 2016, como no 2017 existiron incrementos na partida de achegas para o Refuxio de animais. No proxecto do orzamentos do 2018 incorporase ademais unha achega para facer obras de mellora nas instalacións, onde non se acometeu ningunha medida dende a súa construción fai xa máis dunha década. Incrementase a achega do concello ao Refuxio nun 30% incorporando algo máis de 60.000 euros para obras de mellora.

## 2.6 Anexo de Inversións e Gastos de Capital.

Os Gastos de Capital incrementáse un 25,35% con respecto ao orzamento do 2017, alcanzando os 13.516.612, 32 euros. O anexo de inversións incrementáse un 2,87%. A continuación detallamos os inversións e accións de capital máis significativas:

- Renovación do terreo de xogo de herba sintética en Santa Isabel, 524.300 euros.
- Mellora de Accesibilidade na rúa Triacastela, 409.745 euros
- Reurbanización Vite. Rúa García Lorca, 598.182,11 euros
- Acondicionamento aparcadoiro conservatorio de Música e rúa Altiboia, 200.000 euros.
- Rexeneración dos pavimentos de calzada e outras actuacións de humanización no ámbito de Ponte de Sar, 585.936,92 euros.
- Reforma do Parque da Constitución (Parque de Skate) 393.543,54 euros.
- Ampliación da Ponte na Cañoteira e Outeiro de Marrozos, 267.000 euros.
- Obras de melloras en instalacións educativas, 100.000 euros
- Remodelación de varios parques infantís, 80.000 euros.
- Proxecto de Instalación de 24 Illas de Compostaxe, 96.000 euros
- Inversión en software e administración electrónica para o Concello de Santiago, 660.000 euros.
- Smartiago, proxecto de compra pública innovadora para que a través da innovación mellorar os servizos públicos, 460.250 euros

- Actuacións de Mellora da accesibilidade (EDUSI), 117.331,18 euros
- Redacción de proxectos de reordenación viaria no ámbito da nova estación de autobuses (EDUSI), 160.000 euros
- Reurbanización de Patio Madres e Castrón Douro, anualidade 2018 (EDUSI) 192.000 euros
- Humanización do campus sur (EDUSI), 200.000 euros
- Actuacións na rúa de Batalla de Clavijo, anualidade 2018 (EDUSI), 99.999,40 euros
- Centro Municipal de acollida de persoas sen fogar (EDUSI), 180.000 euros
- Consolidación das Ruínas de Caramoniña (EDUSI), 90.000 euros
- Mellora de accesos ao Parque de Belvís (EDUSI), 125.000 euros
- Equipos para procesos de información (EDUSI), 604.800 euros
- Rehabilitación enerxética de inmobles de titularidade municipal (EDUSI), 150.000 euros
- Beirarrúas na rúa do Tambre (Plan Único Deputación), 318.759 euros
- Obras de Mellora de Firme en Verdía, Grixoa, A Peregrina, Sabugueira e Barciela (Plan Único deputación), 278.856 euros
- Reforzo firme Chaián (Plan Deputación) 95.632 euros
- Acondicionamento entorno Centro SocioCultural de A Gracia (Plan Deputación), 304.540,10 euros
- Cuberta Pista Polideportiva Verdía (Plan Deputación), 150.000 euros
- Mellora de Equipamentos deportivos en Figueiras (Plan Deputación), 310.083,71 euros

Ademais, no anexo de investimentos, atopase tamén reflexados a escolla da veciñanza nos orzamentos participativos do 2017, un total de 1.5 millóns de euros

- Beirrarúas na Avenida do Cruceiro da Coruña, 225.000 euros
- Carril bici Praia fluvial Chaián, 370.000 euros.
- A Bici pacífica (medidas de facilitación do uso da bicicleta), 30.000 euros
- Zona cuberta de usos múltiples en Santa Marta, 160.053,96 euros
- Senda Peonil e Ciclable na lagoa de Cornes-Conxo-Rial-Poza Real-Rego Vilar-Porto de Conxo, 195.143,25 euros
- Espazos de Ocio Cubertos en todas as parroquias, 217.800 euros
- Parques biosaudables e/ou infantís en todas as parroquias do rural norte, 225.000 euros.
- Hortas Urbanas en Santa Marta-Conxo-Volta do Castro, 29.856 euros

### 3. Ingresos

No plano económico e polo lado dos ingresos as principais características dos Orzamentos municipais para 2018 son:

- Son uns Orzamentos expansivos, supoñendo un aumento do 7% sobre os do ano anterior.
- Diminución da dependencia dos empréstitos nun 18,34% con respecto ao orzamento do ano anterior.


- Un incremento dos ingresos non financeiros de 8,33% con respecto o orzamento do ano anterior o que nos permite unhas contas cunha maior autonomía fiscal.

No informe económico-financieiro que se achega como Anexo ao Orzamento explícanse dun xeito detallado as principais modificacións e se establece unha comparativa con respecto ao exercicio anterior tanto de ingresos como de gastos.

En Santiago de Compostela, a 13 de decembro do 2017

A concelleira delegada de Economía e Facenda

María Rozas Pérez

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a wavy tail, positioned to the right of the printed name.